

Carta urgente
para
Máximo Toxo

con
Marta Ríos
Dani Trillo

escrito e dirixido por
Diego Rey



un espectáculo de



tais teatro

talía teatro

Dende a constitución da compañía, fai xa vinte anos, estreamos vinteseite espectáculos. Actualmente temos en repertorio sete espectáculos de distinto formato. A nosa liña de traballo caracterízase por enfocar as nosas montaxes a un amplo abano de público.



Nestes tempos de incertezas e medos, de cautelas e de cintos apretados pode parecer ousado afrontar a produción de tres espectáculos novos en só seis meses. Somos conscientes do noso atrevemento, pero non queremos traizoar a liña de traballo mantida nos últimos anos, que se caracteriza por unha ampla oferta para diversos tipos de público e atendendo a todas as idades. Todo isto ao tempo que se intenta manter un elenco e un equipo de traballo que intenta garantir producións de maior calidade.

Despois da estrea de Volpone o pasado mes de outubro -unha ambiciosa proposta que conta cun elenco de nove actores-, presentamos agora Carta urxente para Máximo Toxo, escrito e dirixido por Diego Rey, é un espectáculo áxil, divertido e colorista dirixido ao público infantil.

Xa no 2011, en xaneiro, continuará o proceso de ensaio de Pelos na Lingua, dirixido por Avelino González, que pretende complementarse con Bicos con Lingua -espectáculo que segue sendo representado, sobre todo para público xuvenil-.

sinopse

Preséntovos a Máximo Toxo, gran escritor, aínda que pouco coñecido. Vive pechado na súa casa, buscando acadar a obra perfecta, o libro polo que será recordado eternamente (e que lle permitirá pagar as súas débedas). O seu carácter rosmón e antipático, e a súa alerxia ao contacto con outras persoas, fan del un verdadeiro ogro, alleo a todo o que acontece máis alá da súa vivenda.

Por outro lado atoparedes a Belinda, que traballa como carteira, aínda que con ansias de progresar. É unha muller alegre e chea de vitalidade, algo inxenua (máis ben un pouco parva), e sempre confía na xente que a rodea.

Aínda que Belinda reparte o correo pola veciñanza de Máximo Toxo, nunca tivo ocasión de coñecelo... ata hoxe. O xefe de Correos fíxolle un encargo a Belinda: entregarlle ao señor Toxo unha carta importantísima en persoa.



Que pasará cando tales personaxes se atopen? Conseguirá Belinda entregar a carta? Permitirá Máximo Toxo a entrada no seu fogar á doce carteira? Que haberá nesa carta para ser tan importante? Poderá acabar Máximo Toxo a súa obra definitiva? Coñecerá Belinda por fin ao único veciño de toda a zona que lle queda por coñecer? Conseguirá Máximo Toxo diñeiro para pagar as súas infindas débedas? Deixará de rir Belinda algún día? Deixará de rosmar Máximo Toxo algún día? Lograrán saír ilesos desta?



“Carta urxente para Máximo Toxo” é unha comedia infantil e acrobática para ver en familia, chea de saltos, golpes, viravoltas, gritos, parvadas e trangalladas que fai unha reflexión sobre a soidade e os seus perigos.

Esteticamente o espectáculo xoga con imaxes expresionistas, tanto nas liñas da escenografía, como na iluminación, vestuario, maquillaxe e, sobre todo, o traballo corporal dos actores. Mediante unha esaxeración grotesca de todos estes aspectos, quérese resaltar o carácter de cada un dos personaxes, para conseguir así chegar de forma máis directa, evidente e divertida aos rapaces. De esta maneira, atoparedes cores vivas e alegres en Belinda, que empregará movementos e desprazamentos continuos, suaves e redondeados; namentres que Máximo Toxo será un personaxe de tons escuros, pálidos, e a súa composición corporal angulosa, estirada e de movementos bruscos.

O tema principal que move o espectáculo é a soidade. Cada vez é máis habitual atoparse con nenos que non saen fóra da casa máis que para ir a escola. Son nenos que só fan os deberes, xogan con videoconsolas e ven a tele, máis nada.

Máximo Toxo é un home que escolleu vivir só, namentres que Belinda é pura sociabilidade levada ata o extremo. A relación entre os dous permite ao espectáculo abordar de forma atractiva un tema tan complicado e permitir desta forma, traballalo posteriormente cos rapaces.

equipo

REPARTO

Belinda

Máximo Toxo

Marta Ríos

Dani Trillo

EQUIPO ARTÍSTICO

vestiario e maquillaxe

realización do vestiario

realización da escenografía

iluminación e deseño gráfico

ilustración do cartel

asistencia técnica

axudante de dirección

deseño de escenografía, texto e dirección

Martina Cambeiro

Clotilde Vaello

O Contramaestre

Dani Trillo

Rubén Prieto

Toño Casais

María Ordóñez

Diego Rey

MARTA RÍOS

Licenciada en Educación Infantil pola USC, cursou o postgrao de Especialización en Arte Dramática da mesma universidade, completou a súa formación como actriz con distintos mestres como Cándido Pazó, Iñaki Aierra, Elena Bezanilla ou Cristina Domínguez. Conta tamén cunha ampla formación no ámbito do clown e da narración oral, disciplinas nas que se formou con profesionais como Paula Carballeira, Avelino González ou Jesús Jara. No ano 2009 participa no Stage Internazionale di Commedia dell'Arte da Scuola Internazionale Attore Comico en Reggio Emilia (Italia), tamén ten recibido formación en dramaturxia e dirección teatral da man de Roberto Salgueiro ou Marco Antonio de la Parra.

No ano 2000 inicia a súa andaina profesional en Talía Teatro, traballando como actriz nos seguintes espectáculos: Menos Lobos, Supermáis, Eu así non xogo, Mundos Contados, Esperando a Godot, O merlo branco, Quero ser grande, E ti, quen ves sendo? E Volpone ou comedia da mosca. Ten traballado tamén coa compañía Berrobambán e no medio televisivo, así como nas seguintes curtametraxes: Cambio Climático de Toño Chouza, Ida e volta de Suso Lista e Omar Rabuñal e Citando a Boudelaire de Silvia García.

DANI TRILLO

Diplomado en Relacións Laborais pola USC, formouse como técnico superior en realización de audiovisuais e espectáculos na EISA da Coruña. Formouse como clown con Carlo Colombioni e no 2010 participa no Stage Internazionale di Commedia dell'Arte da Scuola Internazionale Attore Comico en Reggio Emilia (Italia).

Iniciouse no teatro na Escola Municipal de Teatro de Cee, pasando despois a formar parte da compañía Talía Teatro con quen ten traballado como actor nos seguintes espectáculos: Eu así non xogo, Esperando a Godot, O merlo branco, E ti, quen vés sendo?, Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can) e Volpone ou comedia de mosca. Ten traballado no medio audiovisual participando nas seguintes curtametraxes: Quien de Jairo Iglesias, Morir o matar de Óscar Iglesias e Mil estrelas de Javier López. Desenvolve tamén a súa actividade profesional no ámbito da iluminación sendo autor de numerosos deseños para distintas compañías.

MARÍA ORDÓÑEZ

Formouse como actriz na Aula de Teatro da USC con Roberto Salgueiro, formación que completou co Posgrao en Arte Dramática impartido na mesma universidade por Quico Cadaval, Helena Pimenta, Sanchís Sinisterra ou Rosa Álvarez entre outros. No 2010 participa no Stage Internazionale di Commedia dell'Arte da Scuola Internazionale Attore Comico en Reggio Emilia (Italia).

No 2004 inicia a súa actividade profesional en Talía Teatro, compañía na que foi actriz dos seguintes espectáculos: Eu así non xogo, O merlo branco, Quero ser grande, E ti, quen vés sendo?, Palabras Encadeadas e Volpone ou comedia de Mosca. Tamén traballou como actriz nos seguintes espectáculos da Aula de Teatro Universitario da USC: O cabaleiro de Olmedo, O velorio de Pat O'Connor.

DIEGO REY

Formouse como actor con profesionais como Artur Trillo, Elena Seijo, Fina Callega, Fernando da Costa, Cristina Domínguez ou Quico Cadaval entre outros. Completa esta aprendizaxe recibindo formación noutras disciplinas do ámbito das artes escénicas como na escritura teatral con Roberto Salgueiro, a dirección escénica con Xúlio Lago ou a Comedia dell'Arte con Avelino González. No 2009 participa no XXV Stage Internazionale di Commedia dell'Arte impartido por Antonio Fava, Marcella Domeniconi e Matthew R. Wilson, tamén recibe formación no ámbito da acrobacia da man de Alfonso Medina, Xenia Tartari, Fernando Capuzzi, Raquel Veganzones, Pablo Trasno e Raquel Oitavén.

Desenvolve a súa actividade profesional como actor nos seguintes espectáculos da compañía Talía Teatro: O merlo branco, E ti, quen vés sendo?, Valentino Rufini e Âkil Pillabán de viaxe a Milán (e van sen un can) e Volpone ou comedia da mosca.

Talía Teatro

Tfno. 981943242_ 630877153

Rúa Touro 31-3ºb

15704 Santiago de Compostela

www.taliateatro.es